

**Teatro Galileo actúa no Pazo da Cultura**

**20.00** Teatro Galileo representa esta tarde no Pazo da Cultura de Narón a obra "Sempre quixen bailar un tango", coa que a autora, Teresa González, gañou o premio Álvaro Cunqueiro.

**O Shakespeare de Mofa e Befá, en Ortigueira**

**20.30** A compañía Mofa e Befá presenta no Teatro de Beneficencia de Ortigueira a obra "Shakespeare para ignorantes", con Quico Cada-val, Vitor Mosqueira e Evaristo Calvo.

**Concerto de Omar Faruk no teatro Jofre**

**20.30** O músico turco Omar Faruk volve ó Jofre para tocar temas do seu disco "Tree of Patience", nos que dá conta do seu estilo, con fortes raíces mediterráneas pero influído pola música occidental.

**A entidade firmou onte un convenio de colaboración co Concello****O Club Montaña edita un caderno dedicado ós montes de Ferrol**

REDACCIÓN &gt; FERROL

■ O Club Montaña Ferrol e o Concello asinaron un convenio de colaboración polo cal a Concellería de Medio Ambiente, dirixida por Rafael Fernández Beceiro, financia con 3.000 euros as actividades de divulgación medioambiental incluídas no programa Aulas Verdes.

Esta proposta do Club Montaña inclúe viaxes didácticas a distintas paraxes naturais de Galicia, con especial dedicación ós escolares, con quen se fai un traballo esencial de concienciación sobre a necesidade de preservar o medio natural.

Precisamente dentro desta vertente didáctica, a entidade que preside Xan Ramírez vén de editar o último dos seus cadernos, o que fai o número once. Logo de centrarse en distintos aspectos da flora e da fauna galega, así como en aspectos xeolóxicos, chega unha guía das montañas de Ferrol. "Tamén temos pequenas elevacións que sempre nos valen para superar a liña do horizonte e ver o que temos no noso entorno", apuntou Ramírez. Os montes de Brión, de Pieiro, de San Xurxo, de Mougá,



Xan Ramírez, presidente do Club

de Lagoa e do Casal están incluídos nunha publicación que apunta as súas características xeolóxicas, a vexetación que neles se atopa, os ríos que os atravesan, os topónimos máis característicos, os restos patrimoniais que albergan e tamén as ameazas que sofren. Neste senso, Xan Ramírez manifestou a súa satisfacción pola paralización por parte do actual goberno local do proxecto de converter os montes de Brión nun polígono industrial. "Están chamados a ser unha zona de esparce-

mento, de recuperación histórica e medioambiental".

Tanto Vicente Irisarri como Rafael Fernández louvaron o traballo que desenvolve o Club Montaña. "A súa conciencia crítica axúdanos moito a atopar o equilibrio entre o respecto ó entorno natural e o desenvolvemento. Foron uns adiantados no concepto de economía sostible".

**Exposición** > Ó abeiro da colaboración entre Concello e Club Montaña montarase tamén unha exposición divulgativa sobre os montes galegos, con ecosistemas propios do litoral e do interior, que itinerará por tódalas asociacións veciñais e culturais que o soliciten.

Entre as propostas máis inmediatas da entidade figura a celebración do Día Mundial do Medio Ambiente (celebrase o 5 de xuño), cunha acción promovida por Red Montañas que levará ó cumio de centos de montes españois o lema "A montaña si me importa". Tamén están involucrados en acción reivindicativas como a protesta contra a mina de andalucita no Eume.

**Medio milleiro de palilleiras de toda Galicia concéntrase hoxe no pavillón municipal de Neda**

REDACCIÓN &gt; FERROL

■ A asociación de palilleiras Fili-grana, coa colaboración do Concello de Neda, volve organizar unha concentración de artesanía, a sétima, nesta localidade. Celebrarase durante toda a xornada de hoxe, de 10.30 a 13.30 horas e de 16.00 a 19.00.

Un total de cincocentas palilleiras pasarán polo pavillón municipal de Neda, segundo os cálculos dos promotores deste encontro. Tiveron incluso que rexeitar grupos por falta de espazo. As artesás proveñen de toda Galicia e compartirán experiencia e sabiduría cun encaixe moi laborioso.

A xuntanza servirá ademais para coñecer o traballo doutras partes da Península, así como para obter material. Catorce vendedores montarán os seus postos en Neda, algúns deles chegados de Torrelavega, Madrid, Almagro ou Tarragona.

A concentración de palilleiras de Neda supón unha importante afluencia de xente á vila, que ten que botar man de varios dos seus espazos públicos para acoller ós visitantes. Ademais do pavillón municipal, organízase cada ano unha comida de confraternida-

**A xuntanza de Fene coincidirá coa I Feira Medieval da Artesanía**

■ Outra xuntanza de palilleiras próxima no tempo será a de San Valentín. Celebrarase o día 12 de xuño, coincidindo coa I Feira Medieval da Artesanía, organizada pola asociación cultural O Tadetas. A escola de palilleiras do Centro do Promoción Social recabou o apoio desta entidade para evitar perder un encontro que chega á súa décimo quinta edición. A artesanía será así a protagonista absoluta da fin de semana do 12 e 13 de xuño, xa que ó redor do pavillón de San Valentín colocaranse distintos postos, con demostracións en directo do seu oficio (o sábado a partir das 11.00 e o domingo, desde as 10.30), mentres que dentro deste espazo repiqueteará o son dos bolillos. Os organizadores instan ós veciños a colaborar mercando rifas en varios establecementos.

de no colexio San Isidro á que está previsto que asistan a metade das palilleiras.

**breves****As fotografías de Gonzalo Torrente Ballester veranse nas sedes da Fnac a partir do día 26**

■ A Fnac organiza en colaboración coa Sociedade Estatal de Conmemoracións Culturales (SECC) e a Fundación Gonzalo Torrente Ballester de Santiago unha mostra de vinte imaxes fotográficas feitas polo autor de "Los gozos y las sombras". Trátase dunha versión reducida da extensa mostra "Los mundos de Gonzalo Torrente Ballester" que xa se puido visitar na Fundación Caixa Galicia de Ferrol e que itenera por varios puntos do país. A exposición comezará a súa andaina o día 26 na sede da Fnac en Barcelona, para continuar en Madrid, A Coruña, Murcia e Zaragoza.

**Contos con churros na Biblioteca Columba de Covas**

■ Hoxe ás 18.00 horas, a Sociedade Cultural Columba de Covas organiza unha actividade de animación á lectura na súa biblioteca. Na actividade dedicada o público infantil comentarase o libro do escritor italiano Leo Lionni, titulado "Frederik", editorial Kalandraka. Trala lectura convidarase aos nenos a chocolate con churros. Colaboran a Concellería de Cultura e Leer librerías.

**Ruta de sendeirismo entre o cabo Prior e A Frouxeira**

■ A partir das 10.00 horas os interesados en participar nunha ruta entre Prior e A Frouxeira poden concentrarse na praza da Cooperativa de Covas. Farase unha parada no alto do Campelo para compartir unha merenda e logo descender ata Meirás, dando remate á camiñata no faro da Frouxeira. A dificultade da ruta é media-baixa e a duración da mesma estímanse nunhas cinco horas.



Imaxe da representación de onte, no Pazo da Cultura

J.M.

**A compañía de internas Yeses representou no pazo da Cultura de Narón a peza teatral "Europaz"**

■ A singular compañía Yeses, formada por reclusas da antiga cárcere de Yeserías (hoxe en Alcalá de Henares), está de xira por Galicia e onte actuou no pazo da Cultura de Narón representando a obra "Europaz", da autora galega Alejandra Juno. Trátase da primeira vez que un grupo de actrices reclusas vén a Galicia amosar o seu traballo escénico. A peza "Europaz" naceu co gallo da presidencia española na Comunidade Europea e trata dos principais sucesos acontecidos en Europa na súa historia. A compañía quere recordar con estas representacións as axudas prestadas pola falecida condesa de Fenosa.

**A web Blogaliza gaña o premio Rosalía de Castro da Deputación**

■ A web galega blogaliza.org é a gañadora da primeira edición do premio Rosalía de Castro convocado pola Deputación da Coruña para recoñecer a persoas, empresas e asociacións que, co seu traballo diario, axudan a impulsar a presenza da lingua galega. Das 23 propostas baralladas, a gañadora obtivo o premio por unanimidade, feito destacado polo voceiro do xurado e decano dos xornalistas galegos, Xosé Manuel Pereiro.

Blogaliza é unha web que cataloga, etiqueta e facilita resumos de mensaxes dos blogs galegos e dispón dunha listaxe dos mesmos, ademais de dar hospedaxe a varios deles. Na mesma, os internautas poden atopar enlaces a algúns dos blogs máis interesantes de cantos se realizan en Galicia con contidos divididos temáticamente como letras, música, cinema, deporte, economía, ensino ou política.